

## CÁRITAS ESPAÑOLA E AS CÁRITAS DE GALICIA RENOVAN POR TERCEIRO ANO O PROGRAMA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA FAMILIAS COA FUNDACIÓN BARRIÉ

O programa, dotado con 300.000 € está dirixido a familias afectadas pola situación de “nova pobreza” xerada pola actual crise económica. Con este programa preténdese apoiar ás familias galegas cuxa situación económica empeorou de forma significativa como consecuencia da perda de traballo dun ou máis membros da unidade familiar, a fin de que poidan afrontar gastos fixos mensuais relacionados coa alimentación, vivenda, educación ou sanitarios. Apóiase tamén a formación e inserción laboral mediante a participación dos beneficiarios das axudas nos programas de emprego de Cáritas.

Para a Vicepresidenta da Fundación Barrié, **Pilar Romeu Vázquez-Gulías**, “a solución á crise non está nas nosas mans, pero non podemos permanecer alleos ás súas consecuencias e a nosa achega a este proxecto en tres anos foi modesta se se compara coa magnitude do problema, pero é unha iniciativa valiosa e pioneira porque serviu de exemplo a outras asociacións”.

O Director Xeral da Fundación, **Javier López Martínez**, indicou que moitas das familias beneficiadas nestes dous anos de execución do programa, nunca recorreran a Cáritas e outros volveron porque non puideron saír adiante. Confirmou, así mesmo, a aparición dun novo perfil de usuario destes servizos: fogares encabezados nun 65 % dos casos por mulleres con cargas familiares compartidas, con fillos menores ao seu cargo; familias novas desempregados con fillos pequenos, parados recentes procedentes de empregos de baixa cualificación, homes sós sen fogar separados ou divorciados e sen emprego.



## **AS CÁRITAS DE GALICIA CELEBRAN UN ENCUENTRO DE FORMACIÓN EN SANTIAGO SOBRE “A FIGURA E COIDAD DO VOLUNTARIO EN CÁRITAS”**

Cento noventa e cinco voluntarios das Cáritas de Galicia participaron o pasado 19 de febreiro nun encontro de formación no Colexio La Salle de Santiago que baixo o título “A figura e coitado do voluntario en Cáritas” tivo como obxectivos: Profundar na definición e concepto do voluntario en Cáritas; analizar os factores que inflúen na permanencia e implicación da persoa voluntaria en Cáritas; e coñecer e valorar a figura do animador/acompañante do voluntariado.



## **MAIS DE DOUS MIL ALUMNOS E DUASCENTAS PERSOAS PARTICIPAN NO 3º CICLO DE CINEMA SOCIAL**

2217 alumnos de centros educativos de Vigo e mais de duascentas persoas participaron na terceira edición de Cinema Social que organizado por PROCLADE, CINEMA SALESIANOS e CÁRITAS celebrouse do 1 ao 3 de febreiro pasados.

As películas proxectadas foron FÁNTÁSTICO MR. FOX, do director Wes Anderson, para os alumnos de Educación Primaria e DIARIOS DA RÚA, do director Richard LaGravenese, para os alumnos de Educación Secundaria e as persoas maiores que puideron visionar a o día tres en sesión de tarde.

A proxección das películas foi acompañada da realización dunhas actividades, dirixidas polos titores dos alumnos, contorna á temática das mesmas.



## EXTRAORDINARA ACOLLIDA AO DESFILE DE MODELOS DE TRAXES DE NOIVA QUE CÁRITAS PON Á VENDA A PREZOS DE CRISES DOADOS POR UNHA FIRMA PARA AXUDA ÁS PERSOAS NECESITADAS

Numerosas persoas presenciaron e acolleron con entusiasmo o desfile de modelos realizado no Centro Comercial Praza Elíptica de Vigo no que se mostraron ao público os vestidos doados a Cáritas para a venda e cuxos ingresos irán destinados a axudas ás persoas necesitadas. Cáritas inicia a venda destes 120 vestidos que culminará o próximo 26 de marzo en horario de luns a venres de 18 a 21 horas e os sábados de 11 a 13,30 e de 17 a 21 horas no devandito centro comercial.

Cáritas agradece á firma doante así como a todas as persoas e empresas que desinteresadamente fixeron posible tanto a realización do desfile de modelos como a venda dos vestidos.



## RECOÑECEMENTO A CÁRITAS ARAGÓN DA FACULTADE DE DEREITO DE ZARAGOZA COA CONCESIÓN DA INSIGNIA DE OURO

A Facultade de Dereito da Universidade de Zaragoza quixo premiar o traballo que levan a cabo as Cáritas aragonesas e concedeu a Insignia de Ouro da Facultade a Cáritas Aragón. A entrega deste galardón tivo lugar o pasado 18 de febreiro, con motivo da festividade de San Raimundo de Peñafort, patrón deste centro académico.

O acto desenvolveuse na aula Magna da Facultade de Dereito e iniciouse cunha conferencia do ex presidente do Congreso dos Deputados, **Manuel Marín**, tras a cal se entregaron as Insignias de Ouro e diversas distincións a profesores e alumnos do centro.

O presidente de Cáritas Aragón, **Carlos Sauras**, agradeceu este recoñecemento en nome dos 2.700 voluntarios e do grupo de técnicos do seis Cáritas Diocesanas de Aragón, dos socios e colaboradores e, especialmente, en nome de “os miles de irmáns nosos que se atopan en situación de pobreza, aos que Cáritas acompaña e axuda.” Manifestou que “*esta distinción é un estímulo máis para seguir na brecha e que Cáritas sempre está aberta a colaborar con todas as institucións na loita contra a exclusión.*”

## **A ASEMBLEA XERAL DE CÁRITAS INSTA OS PODERES PÚBLICOS A AUMENTAR OS RECURSOS SOCIAIS PARA OS MÁIS VULNERABLES**

### **O secretario xeral da CEE entrega un donativo de 4 millóns de euros a Cáritas como «signo e estímulo para a xenerosidade das persoas que colaboran» coa institución**

A Asemblea Xeral de Cáritas Española alertou sobre os serios efectos que o impacto da crise está a ter no traballo diario da institución e denunciou “a escasa resposta dos servizos públicos, a aplicación de novos recortes sociais e o insuficiente alcance das políticas sociais á hora de atender os dereitos básicos dos cidadáns máis golpeados pola crise económica”. Nunha Declaración final, a Asemblea Xeral –que celebrou as súas sesións entre os días 28 e 30 de xaneiro nel Escorial— lembra “a obrigaón dos poderes públicos de aumentar os recursos dos servizos sociais para as persoas máis vulnerables”. E alerta, ao mesmo tempo, “que a acción de axuda que podemos realizar desde Cáritas ten uns límites que xa están superados e que, dado o recorte nos recursos públicos, o serán aínda máis”.

### **Monseñor Martínez Camiño entrega a Cáritas un donativo de 4 millóns de euros da CEE**

Esta denuncia foi formulada polo secretario xeral de Cáritas Española, **Sebastián Mora**, durante unha rolda de prensa celebrada na sede da institución. Esta cita informativa ha contado tamén coa presenza do bispo secretario xeral da Conferencia Episcopal, **monseñor Juan Antonio Martínez Camiño**, quen ha feita entrega persoalmente ao presidente de Cáritas, **Rafael del Río**, dun donativo por importe de **4 millóns de euros** aprobado pola Asemblea Plenaria do episcopado o pasado mes de novembro. Este é o terceiro ano consecutivo que a Conferencia Episcopal decide doar unha porcentaxe do seu Fondo Común Interdiocesano aos programas de resposta ás crises desenvolvidos polas distintas Cáritas Diocesanas ao longo de todo o país. A cantidade entregada esta mañá a Cáritas **duplica** a concedida o ano anterior.

Como sinalou monseñor Martínez Camiño, “trátase dun pequeno xesto que queremos que sexa entendido como signo e estímulo para a xenerosidade das persoas que colaboran con Cáritas, e como unha chamada a que siga incrementándose a xenerosidade e a colaboración” con esta institución. “Cáritas –lambrou— é a Igrexa na súa función e servizo de solidariedade cristiá. Non é unha ONG ao uso, senón a Igrexa mesma que exerce a caridade”.

### **Compromiso de toda a Igrexa cos máis desfavorecidos**

Tanto o presidente como o secretario xeral de Cáritas expresaron o seu agradecemento a monseñor Martínez Camiño pola presenza na sede da institución e por “o significado profundo dun acto co que mostramos de maneira simbólica que máis que nunca a Igrexa enteira está comprometida cos nosos irmáns máis humildes e que a opción preferente polos máis pobres, que brota do Evanxeo”.

Na súa intervención, Sebastián Mora, ademais de incidir nos temas máis destacados da Declaración final, achegou algúns datos que falan con elocuencia da gravidade da actual situación, como o que representa que o número de fogares con todos os seus membros activos en paro sitúese xa 1.328.000, que a taxa de paro xuvenil estea próximo ao 50 %, que o índice de pobreza relativa estea no 20,8% e que pobreza infantil afecta a un de cada catro nenos.

### **Recortes nos sistemas públicos de protección social**

“Esta realidade –asegurou o secretario xeral de Cáritas-- vese agravada polos recortes na protección social, non só a nivel estatal senón nas Comunidades Autónomas e Concellos, que afectan directamente á atención social das persoas e colectivos máis vulnerables e ao incremento do número de persoas que veñen derivadas dos servizos sociais municipais aos nosos proxectos”.

Referiuse, así mesmo, ao descenso de partidas na Axuda Oficial ao Desenvolvemento, co que “parece que a solidariedade das Administracións públicas cos países do Sur só é posible en tempos de bonanza económica”.

### **Cumprimento do Pacto de Estado contra a Pobreza**

Nese sentido, reclamou ás Administracións públicas, por unha banda, o cumprimento dos acordos referendados no Pacto de Estado contra a Pobreza asinado o 19 de decembro de 2007 e, por outra, a firma dun Acordo Marco “pola inclusión social e o emprego dos excluídos máis vulnerables”, que contemple a participación de todos os actores sociais.

### **O voluntariado, inherente ao modelo de actuar de Cáritas**

Sebastián Mora concluíu a súa intervención na rolda de prensa cunha referencia explícita á mención que a Asemblea Xeral de Cáritas fixo sobre o tema do voluntariado con motivo do Ano Europeo do voluntariado que se celebra en 2011. “Para Cáritas –afirmou– o voluntariado é parte inherente do seu actuar, xa que somos unha organización sustentada por voluntarios e voluntarias, tanto no vértice da organización cun presidente voluntario como na base da mesma o voluntariado é savia viva do noso proceder”. E “se en dous anos Cáritas dobrou o número de persoas atendidas en Atención primaria foi grazas ao inxente compromiso dos voluntarios e voluntarias”, engadiu.

Con relación á cita do próximo verán en Madrid con motivo da Xornada Mundial da Mocidade, o secretario xeral indicou que ese encontro representa “unha esperanza para poder mostrar Cáritas aos mozos como un camiño de compromiso profundo e con sentido”. “A JMJ –concluíu– será un elemento moi importante para esta oportunidade de ofrecer aos mozos o compromiso cos máis pobres como misión e vocación eclesial”.

## **CÁRITAS ESPAÑOLA DESTINA MÁIS DE 730.000 EUROS A DOUS PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL EN BRASIL E RUANDA**

### **Están dirixidos a 13.000 familias de campesiños en situación vulnerable**

Dentro do paquete de axudas aprobadas nos primeiros meses de 2011 polo Equipo Directivo de Cáritas Española destacan senllos proxectos de desenvolvemento integral a medio prazo en Brasil e Ruanda, que suman un total de 736.000 euros e dos que se beneficiarán unhas de 13.000 familias de campesiños en situación moi vulnerable.

### **Desenvolvemento agrícola, educativo e sanitario de 2.000 familias en Butare**

Co proxecto aprobado para Ruanda, preténdese apoiar durante dous anos a unha poboación de 2.000 familias na diocese de Butare, en tres sectores principalmente: agricultura, saúde básica e educación secundaria. Para iso, a través da Cáritas local vaise a desenvolver un programa intensivo de proxectos de acompañamento a estas familias para formalas en actividades de agricultura e gandaría que lles permita aumentar a súa produción agropecuaria, ademais de impulsar actividades de crédito e aforro comunitario para que poidan microproxectos xeradores de ingresos.

Durante o período de execución do proxecto traballarase tamén cos beneficiarios para garantir o seu acceso aos servizos básicos de educación e saúde. Paralelamente, impartiranse programas formativos para mellorar os seus hábitos de alimentación e hixiene.

Os beneficiarios deste proxecto, ao que Cáritas Española achega un fondo de 356.937 euros, son todos eles persoas pobres, aínda que economicamente activas. Prestarase especial atención ás mulleres viúvas e ás mulleres cuxos maridos están encarcerados, aos seropositivos, ás familias cuxos fillos non están escolarizados e ás persoas que non teñen acceso aos servizos básicos sanitarios.

## **Seguridade alimentaria e desenvolvemento integral para 11.000 familias en Brasil**

Outro da macro-proxectos aprobados polo Equipo Directivo de Cáritas, cunha dotación de 380.000 euros, ten como escenario os Estados brasileiros de Pará, Maranhao, Ceará e Minas Gerais, onde, durante tres anos, un total de 11.000 familias van participar nun proxecto integral de seguridade alimentaria e desenvolvemento comunitario.

As comunidades destinatarias atópanse nunha situación de gran precariedade económica, nunhas condicións mínimas de subsistencia a partir das súas actividades tradicionais no campo e a pesca. O obxectivo desta intervención, que vai ser liderada por Cáritas Brasil, pretende combinar accións locais con programas de ámbito rexional e estatal, centradas nun vasto capítulo de actuacións como creación de infraestruturas hidráulicas e de irrigación, proxectos de capacitación agrícola, formación sobre xestión e comercialización de produtos, sustentabilidade ambiental, e fortalecemento das capacidades de organización das comunidades, entre outras.

## **CAMPAÑA DE EMERXENCIAS**

**Recepción de donativos na conta de Cáritas Diocesana de Tui-VigoCaixanova:  
2080/0000/75/0040250250**

**[www.caritastui-vigo.org](http://www.caritastui-vigo.org)**

**É a páxina web de Cáritas Diocesana que pretende utilizar este medio actual para dar a coñecer o labor de Cáritas.**